



COPA DE TÉCNICA

COPA DEPUTACIÓN E COPA XUNTA DE GALICIA

FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO

NORMATIVA

A organización da Copa Deputación correrá a cargo dos clubs de cada provincia organizados en Comisión Provincial de Organización se así o estiman oportuno, por delegación da FGT. A organización deberá de comunicar á FGT a data, horario e lugar de celebración do evento así con enviar nos tres días seguintes á celebración un dossier no que consten os resultados de cada categoría, as inscricións recibidas e cartelería no caso de habela. A FGT proporcionará aos organizadores os obsequios promocionais destinados aos participantes e árbitros.

A FGT poderá, se o estima conveniente, para colaborar coa organización, enviar un delegado.

A FGT proveerá de medallas aos catro primeiros clasificados da Copa Xunta de Galicia de Técnica

1. CATEGORÍAS:

A Copa de Técnica contará de dúas categorías:

1.1. AMATEUR

- 1.1.1. **Copa Deputación** (de ámbito provincial)
- 1.1.2. **Copa Xunta de Galicia** (de ámbito autonómico). Accederán a ela un terzo de participación real de cada categoría da Copa Deputación de cada provincia, se houbera menos de 12 participantes clasificarán @s catro primeir2s.

1.2. COMPETITIVA

Puntuable / clasificatorio para os Campionatos de España (Presentación DNI obrigatorio)

- 1.2.1. **Copa Deputación Infantil** (de ámbito provincial). Poderán inscribirse un máximo de tres deportistas por categoría e club.
- 1.2.2. **Copa Xunta de Galicia de Técnica Infantil** (de ámbito autonómico). Accederán a ela a metade da participación real en cada categoría da Copa Deputación de cada provincia, se houbera menos de 8 participantes clasificarán os catro primeiros.
- 1.2.3. **Copa Xunta de Galicia de Técnica Adulto** (de ámbito autonómico). Poderán inscribirse un máximo de tres deportistas por categoría e club.

2. NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN

- 2.1. A participación será individual

2.2. Indumentaria dos participantes será exclusivamente Dobok e Ti

2.3. CATEGORÍA AMATEUR:

Poderán participar en categoría AMATEUR: tod@s @s deportistas de categoría infantil (ata 14 anos cumpridos no ano en curso) con licencia federativa en vigor e que pertenzan a un club federado; así como na categoría de adultos poderán participar tod@s @s deportistas federad@s que teñan 14 ou mais anos cumpridos no ano en curso.

@s deportistas que participen en categoría Amateur non poderán participar en Categoría Competitiva, e @s deportistas que participen en infantil tampouco poderán participar na categoría de adultos.

O número de participantes na Copa Deputación Amateur será ilimitado. Á Copa Xunta Amateur accederán un terzo da participación REAL en cada categoría da Copa Deputación de cada provincia, sempre clasificándose mínimo os catro primeiros.

2.3.1. CATEGORÍAS

2.3.1.1. As categorías A, B e C infantís serán mixtas

2.3.1.2. As categorías D i E dividiranse en feminino e masculina cada unha delas.

2.3.1.3. CATEGORÍAS INFANTÍS AMATEUR

A- Dividiranse en cinco grupos de idade que se computarán por ano natural

- I. Categoría A: ata 6 anos cumpridos no ano en curso
- II. Categoría B: de 7 e 8 anos cumpridos no ano en curso
- III. Categoría C: de 9 e 10 anos cumpridos no ano en curso
- IV. Categoría D: de 11 e 12 anos cumpridos no ano en curso
- V. Categoría E: de 13 e 14 anos cumpridos no ano en curso

B- Cada categoría subdividirase segundo os graos nas seguintes subcategorías:

- I. Categoría A
 1. A1: branco e branco-marelo
 2. A2: marelo e marelo-laranxa
 3. A3: laranxa e superiores
- II. Categoría B
 1. B1: branco, branco-marelo e marelo
 2. B2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde

3. B3: verde e superiores
- III. Categoría C
 1. C1: Branco, branco-marelo e marelo
 2. C2: Marelo-laranxa e laranxa
 3. C3: Laranxa-verde e verde
 4. C4: Verde-azul e azul
 5. C5: azul-vermello e superiores
 - IV. Categoría D (Subcategorías feminina e masculina)
 1. D1: branco, branco-marelo e marelo
 2. D2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde
 3. D3: verde e verde-azul
 4. D4: azul, azul-vermello e vermello
 5. D5: 1º Pum
 - V. Categoría E (Subcategorías feminina e masculina)
 1. E1: branco, branco-marelo e marelo
 2. E2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde
 3. E3: verde e verde-azul
 4. E4: azul, azul-vermello e vermello
 5. E5; 1º e 2º Pum

@s deportistas que accedan á Copa Xunta terán que facelo na mesma categoría na que participaron na Copa Deputación da súa provincia.

2.3.1.4. CATEGORÍAS DE ADULTOS AMATEUR

- A. Dividiranse en catro grupos de idade que se computarán por ano natural. Diferenciaranse as categorías feminina e masculina.
 - I. Categoría A: de 15 a 17 anos cumpridos no ano en curso
 - II. Categoría B: de 18 a 30 anos cumpridos no ano en curso
 - III. Categoría C: de 31 a 40 anos cumpridos no ano en curso
 - IV. Categoría D: 41 anos ou mais cumpridos no ano en curso
- B. Cada categoría subdividirase segundo os graos nas seguintes subcategorías:
 - I. Categoría A
 1. A1: branco e marelo
 2. A2: laranxa e verde

3. A3: azul e vermello
4. A4: 1º, 2º e 3º PUM
5. A5: 1º e 2º DAN

II. Categoría B

1. B1: branco e marelo
2. B2: laranxa e verde
3. B3: azul e vermello
4. B4: 1º e 2º DAN
5. B5: 3º DAN e superiores

III. Categorias C e D: subdividiranse de xeito igual á categoría B

@s deportistas que accedan á Copa Xunta terán que facelo na mesma categoría na que participaron na Copa Deputación da súa provincia.

2.3.2. POOMSAES CATEGORÍA AMATEUR

A realización dos poomsaes terá en conta os límites establecidos polo seguinte baremo:

I. Categorias infantís

1. Branco: Taeguk I Jang
2. Marelo: Taeguk Sam Jang
3. Laranxa: Taeguk Sa Jang
4. Verde: Taeguk Yuk Jang
5. Azul: Taeguk Chil Jang
6. Vermello: Taeguk Pal Jang
7. 1º, 2º Pum: Koryo

Os graos intermedios, tomarán como referencia o poomsae establecido para o grao inmediatamente inferior.

II. Categoría de adultos:

1. Branco e marelo: Taeguk Sam Jang
2. Laranxa e verde: Taeguk Yuk Jang
3. Azul e vermello: Taeguk Pal Jang
4. 1º, 2º 3º PUM: Keumgang
5. 1º e 2º DAN: Taeback
6. 3º DAN e superior: Illyo

II.4. CATEGORÍA COMPETITIVA:

II.4.1. Copa Deputación e Copa Xunta de Galicia de Técnica infantil

II.4.1.1. CATEGORÍAS INFANTIS COMPETITIVAS

BENXAMIN: Grao mínimo marelo-laranxa

ALEVIN: Grao mínimo laranxa-verde

INFANTIL: Grao mínimo verde-azul

CADETE: Grao mínimo azul-vermello

Os clubs poderán inscribir un máximo de 3 competidores por categoría e sexo. Só se permite a participación en representación de clubs afiliados á FGT (club principal e asociados, non ESCOLAS EXTERNAS).

Como o campionato é puntuable para o ano seguinte haberá que inscribir aos deportistas na categoría que competirán durante a tempada do ano seguinte (Ex: un neno que en novembro aínda é benxamín de último ano, anotarase xa como alevín para que poida puntuar de cara á súa tempada, que será en categoría alevín).

A competición rexerese polo regulamento oficial.

II.4.1.2. CLASIFICACIÓN:

O sistema de clasificación será de $N/2$ no caso de que o número de participantes sexa par e $(N/2) + 1$ no caso de que nas fases provinciais os equipos participantes foran impares.

EN TODO CASO, COMO MÍNIMO, SEMPRE CLASIFICARÁN OS CATRO PRIMEIROS (OURO, PRATA E DOUS BRONCES).

II.4.2. Copa Xunta de Galicia de Técnica Adulto (de ámbito só autonómico)

Poderán inscribirse un máximo de tres deportistas por categoría e club. Poderán participar todos@s deportistas federados@s que ostenten como mínimo o 1º PUM ou 1º DAN. A inclusión nas categorías farase por ano natural.

A competición rexerese polo regulamento oficial

II.4.2.1. CATEGORÍAS ADULTOS COMPETITIVAS

Cadete masculino: de 11 a 13 anos no ano en curso

Cadete feminino: de 11 a 13 anos no ano en curso

Junior masculino: de 14 a 16 anos no ano en curso

Junior feminino: de 14 a 16 anos no ano en curso

Sénior 1 masculino: De 17 a 29 anos no ano en curso

Sénior 1 feminino: De 17 a 29 anos no ano en curso

Sénior 2 masculino: de 30 a 39 anos no ano en curso

Sénior 2 feminino: de 30 a 39 anos no ano en curso

Máster 1 masculino: de 40 a 49 anos no ano en curso

Máster 1 feminino: de 40 a 49 anos no ano en curso

Máster 2 masculino: de 50 a 59 anos no ano en curso

Máster 2 feminino: de 50 a 59 anos no ano en curso

Máster 3 masculino: de 60 a 64 anos no ano en curso

Máster 3 feminino: de 60 a 64 anos no ano en curso

Máster 4 masculino: 65 anos ou mais no ano en curso

Máster 4 feminino: 65 anos ou mais no ano en curso

3. ÁREA DE COMPETICIÓN

- a. O tamaño da área de competición adaptarase ás necesidades do evento. En todo caso será tapiz de competición.
- b. O número de áreas de competición será establecido polos organizadores en función do número de participantes e xuíces dispoñibles.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

- a. A orde de participación decidirase por sorteo
- b. @s deportistas da categoría Amateur realizarán dúas roldas sen que a primeira sexa eliminatoria. @s deportistas da categoría Competitiva seguirán o regulamento oficial, tanto na categoría infantil como adulto. Ver regulamentos vixentes.
- c. @s nen@s da categoría Amateur A poderán realizar na primeira rolda un Kibón (kicho) en caso de que non coñezan dous poomsaes.
- d. Para o resto das categorías, realizarase obrigatoriamente un poomsae diferente en cada rolda.

5. SISTEMA DE ARBITRAXE

- a. O xurado estará composto por cinco xuíces de cadeira (podéndose modificar o número de xuíces nas fases provinciais polas necesidades de organización). @s xuíces serán

inscrit@s polos clubs participantes nas fases provinciais e serán nominados pola FGT na fase autonómica.

- b. O uniforme será o establecido para as competicións de técnica: camisa branca, pantalón gris, americana azul mariño, garabata azul e calzado deportivo branco.
- c. @s xuíces puntuadores serán nominados, preferentemente, entre os titulados e colexiados
- d. Unha mesma categoría será valorada polo mesmo equipo de xuíces ata o remate da mesma.

6. SISTEMA DE PUNTUACIÓN:

6.1. AMATEUR

- a. A puntuación será sobre un máximo de 10 tendo en conta que cada número enteiro se pode dividir en décimas.
- b. A puntuación será amosada ao xuíz de mesa inmediatamente despois de finalizar a súa actuación cada deportista e amosada ao público xirando a carpeta de puntuación.
- c. Terase en conta o grao de dificultade do poomsae executado en función do grao do deportista.
- d. Eliminarase a puntuación mais alta e a mais baixa das 5 para sumar os totais das outras 3 puntuacións e obter a nota final.
- e. No caso de que haxa menos de 5 xuíces, non se eliminará ningunha puntuación.
- f. En caso de empate valoraranse as puntuacións eliminadas (a mais alta e a mais baixa). Se continúa o empate resolverase a favor d@ deportista con menor gradación. No caso de persistir o empate, resolverase a favor d@ deportista mais novo en categoría infantil e @ de maior idade na categoría de adultos, salvo na categoría A, que será tamén o menor.
- g. O baremo para aplicar a puntuación será fixado polo Comité Organizador e será o mesmo para toda a competición.

6.2. COMPETITIVA

Aplicarase o regulamento vixente WTF

7. PROCEDEMENTO DE PROTESTA

- a. As protestas presentaranse por escrito, previo pago de trinta (30) Euros e soamente se aceptarán as relativas a erros na suma das puntuacións.

- b. Nos casos non relacionados no presente regulamento, tomarase como subsidiario o Regulamento Disciplinario da FGT.